

Respostas exercicio 1 e 2 páxina 101

1 Define no caderno que é a gandaría e explica como se cría o gando.

1 A gandaría é a actividade que consiste na cría de animais para obter produtos deles.

Pode ser intensiva, cando o gando se cría en cortes e granxas e o gandeiro se ocupa de alimentar o gando, controlar a súa saúde e limpar as cortes; ou extensiva, cando os animais se crían en terreos de pastos máis ou menos extensos e o gandeiro se ocupa de levar os animais ata os pastos naturais, onde se alimentan e coida deles.

2 Que diferenza hai entre a pesca e a acuicultura? En que se parecen?

2 Diferéncianse en que na pesca se capturan peixes e outros animais acuáticos no mar, en ríos ou lagos, mentres que na acuicultura se cultivan plantas e animais acuáticos nunha especie de estanques. Parécense en que nas dúas actividades se obteñen animais acuáticos.

Respostas exercicio 1, 2 e 3 páxina 103

Algúns dos traballos do sector primario son a , a e a .

A agricultura é o da terra para obter . Os cultivos poden ser de ou de .

Os agricultores deben realizar diversas tarefas agrícolas: , , .

Algúns poden servir como para transformalos nas .

A cría de animais para obter produtos deles é a .

Pode ser ou .


A é a captura de peixes e a é a cría de peixes e plantas acuáticas.



- Repasar e afianzar os contidos da unidade.
- Practicar e aplicar diferentes técnicas de estudo.

NOTAS

2 **ESQUEMA.** Copia e completa este esquema da pesca no caderno.



3 **PALABRAS CLAVE.** Copia no caderno as seguintes oracións e escribe a palabra clave que corresponde a cada unha das definicións.

- Cría de animais para obter produtos deles.
- Captura de peixes e mariscos.
- Pesca que se practica nos ríos.
- Lugar en que se crían peixes.
- Recolección dos produtos vexetais que se cultivaron.
- Pesca que se realiza preto da costa.

Intelixencia
interpersoal

Competencias

Aprender a aprender. A elaboración dun resumo, un esquema e dar resposta ás palabras clave sêrvelles aos alumnos para repasar a información da unidade. Ademais, estas técnicas de aprendizaxe axudan a mellorar esta competencia.

Solucionario

1 **Resumo.** Algúns dos traballos do sector primario son a **agricultura**, a **gandaría** e a **pesca**.

A agricultura é o **cultivo** da terra para obter **produtos vexetais**. Os cultivos poden ser de **secaño** ou de **regadío**.

Os agricultores deben realizar diversas tarefas agrícolas: **arar**, **sementar**, **recoller**. Algúns **cultivos** poden servir como **materias primas** para transformalos nas **fábricas**.

A cría de animais para obter produtos deles é a **gandaría**. Pode ser **extensiva** ou **intensiva**.

A **pesca** é a captura de peixes e a **acuicultura** é a cría de peixes e plantas acuáticas.

2 **Esquema.** A **pesca** pode ser marítima e fluvial. A pesca marítima practícase no mar e pode ser de altura e de baixura. A pesca fluvial practícase nos ríos.

3 **Palabras clave.** • Gandaría.

- Pesca.
- Pesca fluvial.
- Estanque (Piscifactoría).
- Colleita.
- Pesca de baixura.